



MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA A REALIZACIÓN DO PRÁCTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS

O 3 de marzo de 2023 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) subscribiron o convenio de cooperación educativa indicado no encabezamento.

O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, engadiu unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, no que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas no programa de formación.

De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desa disposición adicional.

Este novo réxime entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2024.

Por todo o indicado, faise necesario tramitar unha addenda ao convenio asinado entre a Consellería e a UNED o día 3 de marzo de 2023, que recolla a nova regulación da cotización á Seguridade Social do alumnado en prácticas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

